




O patrimonio histórico local como recurso educativo
A obra de Francisco Asorey en Galicia
17 de xaneiro de 2026
Código en fprofe: S2503004



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Índice

– Asorey en Ferrol	03
– Monumento aos caídos en África	03
– Lápida a Federico Shaw	04
– Asorey na Coruña	05
– Monumento a Manuel Curros Enríquez	05
– Virxe do Carme	06
– Busto de Manuel Martín Salazar	06
– Monumento ao Soldado Galego	07
– Busto de Francisco Franco	07
– Estatua de Álvaro Bazán	07
– Busto do Sr. Pérez Porto	07
– Asorey en Rianxo	08
– Monumento á Virxe de Guadalupe	08
– Lápida de Ángel Baltar	09
– Asorey en Muxía	09
– Busto de Juan Bautista Durán Ínsua	09
– Asorey en Ordes	10
– Monumento a Vicente Carnota	10
– Asorey en Fisterra	10
– Lápida a Saralegui	10
– Asorey en Brión	10
– Busto a Vicente Ramos	10
– Asorey en Pontevedra	11
– Busto dedicado a Manuel Quiroga	11
– Monumento a Barreiro Cabanelas	11
– Asorey en Cuntis	12
– Virxe do Carme	12
– Monumento ao Sagrado Corazón	12
– Asorey en Lalín	13
– Monumento a Joaquín Loriga	13
– Monumento a Ramón María Aller	14
– Asorey en Mondariz	14
– Monumento a Maximino Rodríguez	14
– Asorey na Escola Naval de Marín	15
– Estatua á Virxe do Carme	15
– Estatua a Álvaro de Bazán	15
– Bustos a Isaac Peral e José Luis Diez	15
– Asorey na Estrada	16
– Monumento á Purísima	16
– Asorey en Cangas	17
– Monumento a José Félix Soage	17
– Monumento a Manuel Graña González	17
– Asorey en Cambados	17
– Monumento a Cabanillas	17
– Asorey en Catoira	18
– Lápida de D. Jose María Piay	18
– Asorey na Toxa	18
– Busto do Marqués de Riestra	18
– Asorey en Ponteares	18
– Lápida de José Ramón Bugallal	18
– Lápida de Isidoro Bugallal	18
– Asorey na Guarda	19
– Relevo de Manuel Lomba Peña	19

– Asorey en Lugo	20
– Monumento ao alcalde López Pérez	20
– Virxe dos ollos grandes	20
– Asorey en Samos	20
– Busto de Fray Rosendo Salvado	20
– Monumento ao Padre Feijoo	21
– Asorey en Vigo	22
– Panteón das irmás Gil Sarabia	22
– Monumento funerario de Ricardo Mella	22
– Monumento a García Barbón	23
– Monumento a Eduardo Cabello	24
– Monumento de Cesáreo Corbal	24
– Asorey en Ourense	25
– Busto de José Calvo Sotelo	25
– Monumento aos caídos	25
– Asorey en Celanova	25
– Monumento a Curros Enríquez	25
– Asorey en Cortegada	26
– Lápida de D. Guillermo Álvarez Pérez	26
– Asorey no Barco de Valdeorras	26
– Busto de Pedro Barrié de la Maza	26

— Catálogo da obra de Francisco Asorey

— Asorey en Ferrol

• Monumento aos caídos en África

Monumento de clara inspiración no mundo grego. A figura principal é unha Vitoria que porta orgullosa na súa man dereita a coroa de loureiro. Lembra a Vitoria de Samotracia no uso da técnica dos panos mollados; acabada de pousa no pedestal, aínda ondean as súas roupaxes cinxíndose ao corpo. Non obstante, recorre tamén a elementos contemporáneos que conectan a imaxe con obras como a Estatua da Liberdade ou a Vitoria de Turín, por medio dun claro ímpeto ascensional, unha marcada verticalidade dada polo brazo dereito e as ás apuntando ao ceo marcando unha forma de V. O seu cabelo está traballado en grandes masas a modo expresionista, mentres que o escudo coas armas da cidade evoca a arte novecentista. A figura coroa unha altísima pilastra de granito azul, cuxo capitel é obra íntegra de Manuel Barros. Está formado por nove pedras, oito decoradas con follas de acanto e unha que forma a moldura superior e cun pedestal con relevos de bronce. Na base aparecen catro cartelas con vistas panorámicas de Ceuta, Melilla, Alhucemas e o Biutz. Estas son obra do capitán de infantaría de Mariña, Don Víctor Gutiérrez Jiménez. Por outra parte, a cartela dedicatoria foi feita por Sabino Rico Díaz.

Na parte baixa do núcleo central oco que leva o fuste do monumento, decidiuse colocar un pergamiño, cun xornal, planos, fotografías e moedas; todo iso, encerrado nun dobre estoxo de cristal envolto en parafina e cinc soldado.

Os traballos de fundición empezan en setembro de 1948, para os que se usaron os canóns de África, doazón do Ministerio do Exército. A iniciativa de erixir un monumento aos ferroláns caídos en África xorde no ano 1927. A primeira proposta é facer un monumento ao Xeneral Franco, pero este declina a favor dunha obra dedicada aos falecidos. O primeiro promotor é a Xunta Directiva do Casino, que empeza a recadación de fondos a través de festivais benéficos e da subscrición popular. En 1935, e a proposta de Don José de Vierna y Belando, noméase unha comisión para activar os traballos, e esta elixe o escultor Juan Balás para executar o monumento. En 1936, a finalización da contenda e o falecemento do escultor paralizan o proxecto; con todo, a colecta segue aberta e en xaneiro de 1946 alcánzase a cifra de 25.868,18 pesetas.

En 1946, reúnese a Xunta Directiva vicepresidida por Rivero de Aguilar que acorda continuar coa actividade para a realización do monumento. Días despois, pídesse nun artigo xornalístico a erección do monumento ou ben a distribución dos fondos con fins benéficos. Ante isto, a Directiva do Casino convocou a unha reunión os socios que presidiran a sociedade dende 1926 e que coñecían ben o problema, reunión da que sae unha comisión permanente formada por un representante do Concello, outro do Círculo Mercantil, outro da prensa local, outro do "C.O. das C. N. M." e da Xunta Directiva do Casino en pleno.



Monumento aos caídos en África, 1948, Ferrol.

Celébrase así un concurso de bosquexos cuxo primeiro premio queda deserto. Polo tanto, admítase o presentado fóra de concurso, obra de Hilario Ruiz de Labourdette, en colaboración con Torrente Ballester. Comezan as obras o 4 de outubro de 1946, ata que o autor se ausenta da cidade o 21 de novembro, momento en que se iniciou a escavación e o fincado das estacas de formigón. O encargado da obra pasa a ser Manuel Barros, que se ocupa do cálculo e do despezo, da estrutura de cemento armado e da reforma do debuxo elixido para adaptalo ás dimensións máis adecuadas.

Mentres, en Santiago, Rivero de Aguilar asina un contrato con Asorey polo cal este se comprometía a presentar dúas maquetas das cales a comisión elixiría a que considerase máis digna, así como a realización do proxecto, de 5 metros de altura e a presentación da escaiola para ser fundida en bronce. A comisión acode ao taller de Asorey e elixe o modelo que hoxe remata o monumento con lixeiros cambios, como que a coroa fose maior e que no escudo en que se apoia a Vitoria aparecesen as armas da cidade, copiadas do escudo da hoxe desaparecida Fonte de San Roque, ao parecer a máis antiga da Cidade. Mateo García de los Reyes (enxeñeiro xefe de fundición dunha importante empresa local) e Cruz Bermejo (mestre desta) indicaron as partes en que se debían dividir os moldes, que Asorey recibe en xullo de 1948.

Asorey fixo dúas reproducións en bronce da maqueta dun metro; unha é doada a Franco e outra ao Casino ferrolán.

O monumento inaugurouse o día 15 de setembro de 1949, acto presidido polo Xeneral Franco. A Armada e o Exército, alcaldes, ministros, autoridades rexionais e locais e ex-combatentes completaban o elenco de asistentes. Á altura do monumento, atopábase a Comisión en pleno co Señor Pena Gabilán, presidente do Casino en 1926; os escultores Asorey e Víctor Gutiérrez; o Enxeñeiro Dopico; o Coronel Iglesias Braje e o Concello en pleno¹.

• Lápida a Federico Shaw

Leva gravada a inscrición: "Don Federico Shaw nació en esta casa el día 10 de octubre de 1864 y murió en Madrid el 11 de agosto de 1923. Varón de virtudes cívicas de Ciencia y de acción social prestó eminentes servicios al pueblo como organizador de la técnica actuarial del Instituto Nacional de Previsión. A iniciativa de los obreros, patrocinada por el ayuntamiento de El Ferrol se le dedica este recuerdo para perpetuar su memoria. MDMXXIV".

Representase a efíxie do homenaxeado en bronce e de perfil. Aparecen de novo dúas figuras alegóricas nús (antes na lápida de Isidoro Bugallal), esta vez esculpidas en mármore e situadas a ambos lados do retrato en bronce. A figura da esquerda, sentada, puidera ser unha muller, e repite o xesto do emblema da melancolía. Á dereita un home representado en escorzo e axeonllado, agarrando o brazo esquerdo



Lápida a Federico Shaw, 1924, bronce e mármore gris e sepia Ferrol.

¹ <https://vicente-perez-otero.webnode.es/products/monumento-aos-caidos-en-africa/>

— Asorey na Coruña

• Monumento a Manuel Curros Enríquez

Esta é unha das esculturas máis importantes da arte galega. Custou 60.000 pesetas da época e foi inaugurada en 1934 cun discurso do presidente da república, Alcalá-Zamora. En 1908 finou Curros Enríquez, un dos pais do rexurdir da literatura galega, polo que se deseñou unha tumba que estivese á súa altura e fose toda unha aletao político. Ao final non foi enterrado alí, pero na parte de atrás pódese ver o nicho baleiro.

Esta mole pétrea está cargada de simbolismo e alegorías. Sobre un pedestal de pedra rústica levántase a figura de Curros, serena e reflexiva como autoridade cultural que era. Porta un arpa, símbolo da lírica galega. Por encima sobresaie unha muller cos brazos no alto, é a Mater Gallaecia, a

personificación de Galicia, dirixindo o conxunto coa mesma autoridade que a Vitoria de Samotracia na proa dun barco. Nos laterais podemos ver altorrelevo que representan ao pobo galego, traballador e humilde, cunha factura que nos lembra a Rodin. No chan destacan unhas estrañas criaturas do pedestal. Son tres monstros, esmagados por Curros, o pobo e a propia Galicia do mesmo xeito que o Apóstolo Santiago esmagaba os demos no basamento do Pórtico da Gloria. Representan os males que afogaban a Galicia: caciquismo, inxustiza e usura.

Más allá da mensaxe, a forza plástica de Asorey é indubidable. Quixo crear un código artístico propio de Galicia utilizando o granito e as formas artísticas de maior forza en Galicia: o románico, o barroco e a escultura popular de cruceiros e imaxinería. Todo iso levado á contemporaneidade, coa potencia e a textura propias do expresionismo da época. Mesmo con liñas cubistas, presentes nos dolmens traseiros. As obras de Asorey son a perfecta proba de que é posible fusionar tradición e modernidade².



Monumento a Curros Enríquez, A Coruña (1934).

² <https://historia-arte.com/obras/monumento-a-curros-enri-quez>

- **Virxe do Carme**

Bosquexo para facer unha escultura en pedra de máis de 10 m destinada a presidir o Porto da Coruña e o seu dique de abrigo, desde a Pena das Ánimas encarga do comandante militar de Mariña Ángel Suances. Existe bosquexo en menor tamaño na Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario asinado e datado. Supoñemos que entrega esa obra cando é nomeado membro numerario por esta Academia. Se comparamos esta Virxe do Carme coa que executa en 1925 para Cuntis vemos que as figuras teñen un canon moito máis alongado, o neno abre os brazos (cunha man bendice e coa outra sostén o escapulario) e a virxe xúntaos para soste-lo ao neno e o escapulario. Na coroa vense ondas e mariñeiros. As dúas figuras están rixidas. Nin sequera se usa o recurso tan habitual de adiantar unha perna para dar movemento. Nesta rixidez aseméllase á Virxe de Tanxil e quizais estea relacionada co feito de seren dúas imaxes para facer en pedra, de tamaño monumental e para situar nun emprazamento fronte ao mar e moi ventoso. Con todo, e seguindo coa comparación a Virxe de Tanxil era mais rixida e xeométrica, aquí os panos son mais naturalistas e o modelado mais suave. A Virxe de Tanxil reproduce o xeometrismo e esquematismo das obras dos anos 30 (Loriga, Cristo redentor, Monumento a J. R. de Torres...) que Otero cualifica como poscubismo e que se atempera despois da guerra.

O proxecto nunca se chegou a materializar.



Bosquexo da Virxe do Carme
para a Pena das Ánimas,
escaiola, Escola de Artes Pablo
Picasso, A Coruña, 1946.



Busto de D. Manuel Martín Salazar, 1923,
Sanatorio de Oza, A Coruña

- **Busto de Manuel Martín Salazar**

Situado no Sanatorio de Oza. Busto en mármore de Carrara e base de formigón datado en 1923. Esta figura está nunha posición máis frontal. A cabeza e busto están aliñados.

- **Monumento en homenaxe ao Soldado Galego**

Situado no cuartel de Atocha da Coruña de 1940. Pedra de gran de dúas cores e detalles en bronce. Medidas aprox. do soldado 192 de alto e 64 cmts de ancho. Asinada na base.

A figura do soldado lembra na actitude e posición a obras de Donatello como o S. Xurxo. A figura adianta unha perna e non se dispón totalmente frontal senón que



Busto de Francisco Franco,
bronce, 1938, Museo Militar da
Coruña.

xira lixeiramente. O fusil traza unha vertical á que se contraponen as mans que o sosteñen, como a cruz de Santiago que ten debaixo.

•Busto de Francisco Franco

Foi feito para o Goberno Militar de Ourense, posteriormente foi trasladado ao Museo Militar da Coruña. Foi fundido por Malingre.

•Estatua de Álvaro Bazán, Marqués de Santa Cruz

Existen dúas copias, esta de Viso do Marqués situada fronte ao seu palacio e outra na escola Naval de Marín. Consérvase o bosquexo en xeso no Museo de Bellas Artes da Coruña.

• Busto do Sr. Pérez Porto

Mármore branco no busto e gris veteado no pedestal. Existe o bosquexo en escaiola (depósito da familia) no Museo do Pobo Galego. Gravado no mármore o escudo do colexio notarial: libro e espigas. Viste toga de avogado e leva a medalla do colexio notarial e unha condecoración na parte esquerda do peito, coa man dese lado sostén un documento notarial. Está asinado e datado.



Busto do Sr. Pérez Porto,
1950. Colexio Notarial da
Coruña.



Monumento ao soldado galego,
1940, Cuartel de Atocha, A
Coruña.



Estatua de Álvaro Bazán,
Marqués de Santa Cruz, 1942,
Viso Del Marqués, Ciudad
Real.

— Asorey en Rianxo

• Monumento á Virxe de Guadalupe

O que foi o máis brillante cirurxián galego da primeira metade do século XX, Ángel Baltar Cortés, encargalle a peza en 1929 a Francisco Asorey González, quen esculpiu en granito unha imaxe de 3,20 metros de altura e dunhas tres toneladas. A obra colocouse en 1932 sobre un pedestal no alto do cantil de Tanxil, na leira propiedade da familia Baltar.

A imaxe de Asorey é unha representación da virxe sostendo ao neno cos brazos en cruz, fronte ao mar. Está decorada con pezas da Cerámica Celta de Cesures incrustadas no manto da virxe. En 2005, os herdeiros do cirurxián decidiron retirala ante o perigo que corría polos constantes desprendementos que se producían nese cantil.

Esta imaxe da Guadalupe non segue a iconografía tradicional desta virxe, tal como podemos ver na capela de Rianxo ou na do Mosteiro de Guadalupe de Estremadura. Porén Asorey repite o esquema triangular do manto da virxe e o carácter hierático da imaxe que ao parecer ten unha orixe románica (a de Guadalupe, Cáceres). Esa disposición dos brazos en cruz das figuras asoreyanas repítese con frecuencia; a súa preferencia por esta posición ten seguro unha función simbólica e pode estar a

súa orixe en diversas influencias, entre as que se nos ocorre sinalar algunhas: unha vez máis o Pórtico da Gloria e tamén as imaxes de María Auxiliadora, patroa dos Salesianos que el contemplou tan a miúdo cando era un adolescente



- **Lápida de Ángel Baltar**

Bronce coa efixie en relevo do médico Ángel Baltar, grilandas na parte superior e pombas sostendo o escudo de Rianxo na parte inferior. Hai mármore (gris e rosado) nas placas traseiras. Inscrición ilexible "Rianjo a D. Angel Baltar Cortés, sábio cirujano, honra de Galicia, gloria de España, en testimonio de gratitud por su constante cariño a esta vila, año de MCMXXIX". Está situada na fachada do Concello de Rianxo.



Lápida de Ángel Baltar, 1929, Rianxo.

— Asorey en Muxía

- **Busto de Juan Bautista Durán Ínsua**

Unha placa en mármore no Cemiterio de S. Xiao de Moraime que leva a inscrición "Es propiedad de D. Juan Bta Durán Ínsua, párroco de esta feligresía y deja prohibido tanto a herederos como estraños el que en ningún tiempo usen y usurpen esta propiedra, RIP". O panteón onde se situou o busto carece de data e o arquivo da Igrexa perdeuse debido a un incendio polo que descoñecemos a data da morte do cura. Por documentos consultados por Manuel Vilar en 1929 aínda aparece citado como párroco da igrexa, de aí inferimos que a escultura pode ser posterior, pero Otero Túñez a cataloga como obra dos anos 20.

A obra é un magnífico retrato en mármore, moi realista no que o cura párroco viste a capa pluvial das celebracións importantes e que cobre as demais vestimentas litúrxicas. Encaixes e brocados están representados con gran detalle. Sobre a capa aparecen gravados varios símbolos: un lagarto, unha caveira, unha curuxa, unha campá, un facho... todos eles relacionados seguramente coa morte.

No caso da caveira a simboloxía é evidente, sempre está relacionada coa morte e coa caducidade da existencia (a vánitas e o memento mori). A curuxa como ave nocturna que é relaciónase tamén coa morte, o sono, a noite e a escuridade. Estes dous símbolos aparecen no lado esquerdo da capa, por riba deles o lagarto, símbolo da alma en busca da luz²⁷¹. No lado dereito da capa aparecen o facho e a campá. O facho identifícase co sol e é símbolo de purificación pola iluminación. A campá é símbolo de chamada no sentido físico e tamén máxico: de chamada aos mortos.



Busto de Juan Bautista Durán Ínsua, anos 30, Muxía

— Asorey en Ordes

• Monumento ao xornalista Vicente Carnota

Vicente Carnota foi o ordense máis destacado a principios do século XX. Tiña ademais grandes amigos entre a intelectualidade da Coruña e de Santiago que, foron os que decidiron facer unha homenaxe á súa figura. En agosto de 1924 crean un "Comité pro Monumento a Carnota" formado por membros da cultura e das artes galegas e persoas destacadas de Ordes. A estatua foille encargada a Francisco Asorey. No verán de 1925 o artista xa plasmara en barro o busto de Carnota, logrando un gran parecido (o que naqueles tempos era máis difícil pola escaseza de material gráfico). Posteriormente foi baleirado en bronce e colocado como remate dun esvelto fuste de pedra con alegorías á súa condición de escritor e sacerdote e a inscrición "*Al Gran Periodista Vicente Carnota 1855-1920*". A estatua foi colocada na alameda o domingo 8 de novembro de 1925.



*Monumento ao xornalista
Vicente Carnota, 1925, Ordes.*

— Asorey en Fisterra

• Lápida a Saralegui

Placa en bronce incrustada nun con granítico. Custeada polos pósitos de pescadores de España, inscrición: "*Al excmo. Sr.D. Alfredo Saralegui Casellas en señal de admiración y gratitud. Los pósitos de pescadores marítimos y marítimo-terrestres de España. MCMXXVII*". Situado no cabo de Fisterra, perto do faro. Aparece no centro o retrato do homenaxeado, fundador dos pósitos de pescadores. Rodéano grilandas, sobre as que se ven saíndo os raios do sol. Presenta varias figuras alegóricas: de novo un home nu á dereita e unha muller á esquerda con dous nenos (un sobre os seus ombreiros outro aos pes sentado e lendo). Todo dentro do perfil dun barco en escorzo cunha serea a modo de mascarón de proa. O significado das alegorías debe estar relacionado seguramente co labor protector aos mariñeiros e as súas familias que cumpriron os pósitos de pescadores.



*Lápida a Saralegui, 1927,
Fisterra.*

— Asorey en Brión

• Busto a Vicente Ramos

Busto en bronce sobre pedra de gran (fonte) e placa de mármore coa inscrición: "*Homenaje popular Al Iltsmo Señor D. Vicente Ramos Rodríguez, benefactor de esta comarca, 27-7-1924*". Vicente Ramos foi un emigrante galego en Buens Aires. Asorey opta por dar unha visión mais frontal, pero volve a mover lixeiramente a cabeza do retratado.




*Busto a Vicente Ramos, 1924, Os
Ánxeles, Brión.*

— Asorey en Pontevedra

- **Busto dedicado ao vilonista Manuel Quiroga**

O outro referente público de Asorey en Pontevedra, deixando ao carón a obra depositada no Museo, sitúase fronte ao ex-cuartel de San Fernando. Trátase do coñecido busto dedicado ao vilonista Manuel Quiroga, nacido en Pontevedra en 1892 e finado na mesma cidade en 1961, é un dos músicos galegos que máis sona adquiriron na historia. O busto realizado por Asorey foi encargado en 1949 polo Concello de Pontevedra, que xa lle dedicara ao violinista unha rúa en 1919, cando Quiroga tiña apenas 26 anos.



Monumento ao violinista Manuel Quiroga, Pontevedra (1949).

- **Monumento a Manuel Barreiro Cabanelas**

Manuel Barreiro Cabanelas está considerado como o gran benefactor do Hospital Provincial. Natural de Covelo, na Lama, emigrou a Brasil con 14 anos. Unha das persoas que máis coñeceu a súa historia, o doutor Antonio Dias Lema, escribiu que Cabanelas foi un dos colaboradores que máis contribuíu coas súas achegas económicas á mellora do Hospital. En Brasil empezou desde abaixo e tras varios empregos acabou como loteiro. Cando a súa situación económica xa era importante cambiou as apostas polas xestións financeiras e inmobiliarias.

Cabanelas realizou numerosos donativos para o centro sanitario. Entre 1936 e 1943 remitiu fondos e as cantidades ían desde 10.000 pesetas a 500.000. Permitiron sufragar varias ampliacións e equipamentos. En total, achegou máis dun millón de pesetas.

A Deputación de Pontevedra, entón propietaria do Hospital, encargou a estatua en 1940 a Francisco Asorey por 10.000 pesetas. O monumento debía constar de estanque, pedestal e figura, cunha altura de 4,30 metros, realizado en granito das canteiras da zona, e co retrato do homenaxeado en bronce na base. A figura principal ía simbolizar a filantropía como tributo a Cabanelas, pero hai quen ve nela a san Sebastián, patrón de Pontevedra e tamén da parroquia lamesa de Covelo. A estatua de Asorey foi colocada no seu lugar en 1946.



Monumento a Manuel Barreiro Cabanelas, Pontevedra (1946).

— Asorey en Cuntis

• Virxe do Carme

Esta imaxe foi unha encarga da nai do dono do Balneario, Marcial Campos para a Igrexa de Sta María dos Baños de Cuntis. Aí se atopa na actualidade xunto con outras obras de imaxinería relixiosa entre as que hai un Cristo que Asorey atribúe a Ferreiro. O noso escultor volve nesta obra á imaxinería tradicional, o seu primeiro oficio. E resolve a encarga, unha vez máis, con gran calidade. Representa a virxe do Carme conforme ao esquema iconográfico habitual, ben diferente da versión "mariñeira" que crea o imaxineiro compostelán Xosé Rivas Rodríguez a principios do s. XX. A virxe de Cuntis é representada conforme ao relato do profeta Elías que dende a cima do monte Carmelo ten unha visión na que emerxe do mar a Virxe sobre unha nube e sostida por tres anxos. As roupas son marróns, como o hábito dos monxes carmelitas, e leva no peito o escudo carmelita que aparece nos escapularios: o monte Carmelo coa cruz e tres estrelas. A Virxe está sentada e o neno está de pé sobre o seu regazo. Cunha man aguanta ao neno e adianta a outra para coller o escapulario en tea. Dous anxos saen da base e flanquean a imaxe. Asorey volve a usar a técnica de policromía tradicional das imaxes relixiosas: estuco que cubre a madeira e policromía a base de estofados e pan de ouro. Aparentemente conserva a policromía orixinal. O modelo iconográfico que segue Asorey aseméllase máis á Virxe do Carme do convento do Carme de Padrón, atribuída tradicionalmente a Filipe de Castro.



Virxe do Carme, 1925, da Igrexa de Sta María dos Baños, Cuntis.

• Monumento ao Sagrado Corazón

O monumento levántase no parque de Maráns sobre un miradoiro no que se ve o val no que se asenta a Vila de Cuntis. Ten unha capela a modo de cripta na que unhas inscricións en placas de mármore indican "párroco: Arvelo Lado, Alcalde: Ameijeira Blanco, Arquitecto: Álvarez Sala, Escultor: Asorey". Está feito en pedra de gran e os motivos decorativos que leva lembran aos do barroco compostelán, en concreto aos motivos de placas xeométricas de Fernández Sarela ou de Simón Rodríguez da fachada do Convento de Santa Clara que Asorey tiña tan preto do seu estudo. É un neobarroco que se volve poñer de moda trala Guerra civil. O motivo da figura principal cos brazos abertos segue presente na súa obra.



O Monumento ao Sagrado Corazón de Cuntis 1945.

— Asorey en Lalín

• Monumento ao aviador Joaquín Loriga

Dúas son as obras de Asorey que garda o municipio de Lalín. Neste caso non se trata de creacións relixiosas, senón de dúas pezas ideadas para homenaxear a dúas destacadas personalidades da capital da comarca do Deza. A primeira, datada no ano 1933, está dedicada ao aviador Joaquín Loriga, famoso por formar parte na Escuadrilla Elcano que completou un raid aéreo entre Madrid e Filipinas en 1926 e por ser un dos pioneiros da aviación en Galicia. Os seus veciños iniciaran unha subscripción popular para regalarlle un aeroplano, pero tras a súa trágica morte nun accidente aéreo en Madrid optaron por empregar o diñeiro para erixirle un monumento, que foi encargado a Asorey e inaugurado en 1933.

O monumental conxunto sitúase sobre a localización da antiga torre medieval testemuño do nacemento da vila de Lalín, convertido hoxe nunha das súas prazas máis céntricas.

O autor aplicando as novidades que se estaban a dar no poscubismo europeo, bota man dun método definido polo esquematismo e a simplificación, e deste xeito geometriza os volumes perfilándoos case como puras estruturas arquitectónicas, pero sen deixa de lado a forza vital do expresionismo; e con esa admirable claridade concibe este monumento, dispoñendo un primeiro corpo en noiro de grandes e regulares bloques graníticos, cunha discreta coroa de metal entre dúas palabras en bronce como única decoración. Nas ás do "aparelo", desprega dous relevos de gran forza expresionista coas figuras alegóricas de España e Filipinas en actitude de voo. Ambas estreitan as súas mans baixo o nome e a figura do aviador en símbolo da alianza conseguida en 1926 co prodixioso "raid" Madrid - Manila, realizado por Loriga en compañía de Gallarza e Estévez. Diante da cola do avión fincado verticalmente na terra, está a estatua do aviador co seu casco, e insistindo de novo nas ideas de austeridade e medida o escultor cambia o uniforme militar polo de mecánico, e acomoda as mans sobre unha hélice, á vez que sostén un pergamiño. O rostro e a man esquerda son de bronce. A limpeza de liñas é palpable na acertada silueta do avión estrelado en terra suxerindo a forma dunha cruz. A idea da cruz vese á vez reforzada na colocación da sinxela imaxe do piloto con respecto das dúas figuras voadoras. O monumento mostra un esquema marcadamente simétrico que o carga de hieratismo³.




Monumento ao aviador Joaquín Loriga, Lalín (1933).

³ Texto de Alicia Fernández Dapena.

- **Monumento ao astrónomo Ramón María Aller Ulloa**

Xa a finais dos anos 50 o talento do escultor volvería ser reclamado desde Lalín para inmortalizar en pedra a outro ilustre lalinense, o matemático, sacerdote e astrónomo Ramón María Aller Ulloa.

Nun lateral da igrexa da súa vila natal, no centro dun estanque circular dobre, sobre un sobrio pedestal no que só aparece algún símbolo astronómico, eríxese a figura do astrónomo Ramón María Aller Ulloa. A perfecta cantería deste maxistral pedestal destaca con destreza as cavidades da esfera armilar, que coas súas curvas de ferro provoca suxestivos efectos de sombras. A figura, de canón simétrico, proporcionada e sinxela, cruza as mans de forma tranquila sobre o astrolabio e as táboas, atributos da Astronomía. Don Ramón aparece caracterizado cos seus hábitos sacerdotais mostrando sobre o seu corazón a cruz de Santiago en distintos matices. Simbolizando a alegría e modestia do astrónomo, Asorey esculpiu un rostro sereno, de sorriso bondadosa. Na obra destacan algúns símbolos da disciplina que cultivou xunto co primeiro apelido do sabio e os rotundos vocábulos de "Ciencia" e "Virtude"; lemas que resumen a súa vida. Esta escultura que media, como o seu protagonista, entre o ceo e a terra, recolle perfectamente o talante modesto de Ramón Aller e subliña a paz e serenidade da súa persoa. Estatua e pedestal harmonizan adecuadamente en simplicidade e esquematismo, e aparecen definidos por unha simplicidade que non lle resta importancia ao conxunto. A bela policromía conseguida mediante a alternancia de granito de cores acrecenta o interese de tan exquisita obra⁴.



Monumento ao astrónomo Ramón María Aller Ulloa, 1959, Lalín.

— Asorey en Mondariz

- **Monumento ao médico Maximino Rodríguez Fornos**

Maximino Rodríguez Fornos (1854-1923) foi co-descubridor do manancial da Fonte do Val en 1892, foi alcalde de Mondariz durante 15 anos e médico do distrito ao longo de 35. Como doutor combateu, moitas veces xunto co seu fillo, o tamén médico Rodríguez Sobrino, as enfermidades da época: as vexigas, a difteria e a gripe. Como profesional da medicina destacou sempre polo seu compromiso humanitario, atendendo sempre ás persoas enfermas máis humildes.

En 1923 o doutor foi chamado para axudar a parir a unha veciña sen recursos; a pesar de que tiña un corte na man provocado por un arame da vide, non renunciou a atendela, o que lle provocou unha infección que lle acabaría ocasionando a súa propia morte.



Monumento ao médico Maximino Rodríguez Fornos, 1925, Mondariz.

⁴ Texto: Alicia Fernández Dapena.

O monumento foi inaugurado o 15 de agosto de 1925, durante a ditadura de Primo de Rivera, coa presenza do alcalde, Ramiro Vidal Carrera, do reitor da Universidade de Santiago, o doutor Blanco Rivero, e do gobernador civil da provincia. A heroicidade da súa morte, xunto coa súa obediencia política ao deputado e ministro ponteareán Gabino Bugallal, de ideoloxía monárquica conservadora, explican a erección deste magnífico monumento ergueito por subscrición popular.

— Asorey na Escola Naval de Marín

• Estatua á Virxe do Carme

A Escola Naval Militar de Marín alberga un total de catro creacións de Asorey. Todas elas foron encargadas con motivo do traslado do centro de estudos da Armada desde Cádiz a Marín e a súa inauguración en 1943. Nesa data Asorey xa concluíra unha escultura en pedra dedicada á Virxe do Carmen, patroa das xentes do mar. Esta Virxe do Carmen en pedra, aparece representada sentada cos brazos do neno abertos no colo da súa nai, e dentro dunha hornacina, cunha perspectiva frontal e actitude ríxida, cun eixo central con simetría nos seus brazos, os escapularios e os anxos que a flanquean. Coa mirada á fronte sen virar a cabeza. Ambos levan escudos heráldicos, de España nas coroas e dos Carmelitas no peito, co pié espido e sobre un veleiro. Atópase xunto ao cuartel de mariñeiría, na subida a dirección.



Estatua á Virxe do Carme, 1942, Marín.



Busto de José Luís Díez, 1946, Marín.



Busto de Isaac Peral, 1946, Marín.

• Estatua a Álvaro de Bazán

A estatua do mariño español Álvaro de Bazán (1942), que se atopa no patio de aulas, representa ao gran mariño sedente sobre un casco dun barco e sostidos ambos pola figura mitolóxica de Océano, o titán da mitoloxía grega, con cola de serpe e peixe, que representaba o gran río que circundaba o mundo. Vestido coa típica gorguera no pescozo e os símbolos do militar: banda cruzando o peito, espada e bastón de mando.



Estatua a Álvaro de Bazán, 1942, Marín.


• Bustos a Isaac Peral e José Luis Díez

E finalmente dous bustos do mesmo tamaño, en bronce que corresponden a dous famosos mariños: Isaac Peral (1945) e José Luís Díez (1946), este atópase no exterior do edificio do seu mesmo nome no comezo do peirao e o outro no interior. Son similares, visten uniforme de gala e visión frontal cun lixeiro movemento da cabeza que lles dá vida e realismo. Asorey móstrase como un artista que acomete os seus encargos con gran calidade pese a que non se trate de obras persoais nas que poida traballar con liberdade.

— Asorey na Estrada

• Monumento á Purísima

Asorey presenta varios bosquexos. No proxecto definitivo respecta a proporción 1/6. A Virxe é case unha nena que perdeu gran parte do misticismo inicial; agora descansa a súa mirada no horizonte, volvendo a cabeza, amable pero non riseir. Aparece coa aureola e co mesmo tipo de roupaxe que non marca tanto o corpo e gana en textura e peso; pola súa calidade recorda aos hábitos franciscanos, intuándose o cordón da Orde. O hábito ábrese co vento, os pregues caen de forma simétrica en planos curvos que contrastan co verticalismo da figura, algo ladeada. Aparece cos pés descalzos sobre unha lúa intuída e pisando decidida a serpe, acabando co pecado. Segue o modelo de Pacheco en formato e idea: a virxe sobre a lúa e recortada no ceo cunha aureola de doce estrelas



Monumento á Purísima, A Estrada (1956).

A figura colócase no centro da praza da Igrexa sobre un pedestal obra de José Sanmartín Constela, para desgusto de Asorey, pois veo demasiado estreito no corpo superior.

Co tempo e por unha remodelación urbanística o conxunto escultórico sofre cambios. O pedestal ve destruído o seu corpo superior e a obra é trasladada ao lateral esquerdo da igrexa, co cal a súa silueta recórtase contra o ceo estrelado e a súa mirada alcanza o infinito.— Asorey en Cangas

Para a execución da obra Asorey recorre ao mármore de Alacant, un material que lle ofrece unha textura diferente á do mármore convencional á hora de traballar, recordando no seu acabado á textura do granito tan empregado para os monumentos públicos e achegando ao artista de novo ao primitivismo na súa forma de labrar⁵.

— Asorey en Cangas

• Monumento a José Félix Soage

Outra das estatuas que Asorey esculpiu para homenaxear a un filántropo atópase en Cangas. O monumento dedicado a José Félix Soage está datado en 1924 e sería colocado un ano antes de que se inaugurase a praza de abastos sufragada cos donativos deste cangués emigrado a Arxentina. A peza está formada polo busto de Soage e a imaxe dun mariñeiro sostendo un remo e atópase nos xardíns que levan tamén o nome do filántropo.



Monumento a José Félix Soage, Cangas (1924).

⁵ <https://www.tabeirosmontes.com/a-puriacutesima-de-asorey.html>

- **Monumento a Manuel Graña González**

Nado en Cangas o 13 de decembro do 1878, finou en Madrid o 28 de novembro do 1963. Xornalista, escritor. Doutorouse en teoloxía en Roma. Estudou xornalismo na Columbia University de Nova York. En 1918 exerceu como redactor en *El Debate*, e posteriormente traballou en *Ya*, *España Pesquera* e no *Ideal Gallego* ademais de outras publicacións españolas e estranxeiras. A partir do 1921, foi corresponsal da Axencia New Service. Despois de fundar con Anxo Herrera Oria, en 1926 a escola de xornalismo *El Debate*, foi asesor do Sindicato Nacional de Pesca. Durante a Guerra Civil española, foi cronista de guerra co grao de tenente provisional. Publicou *La Escuela de Periodismo. Programas y métodos* (1930), *Que debe España a los religiosos* (1932), *Mares y peces* (1952) e a tradución *Mi conversión al catolicismo* (1940) do cardeal Newman. E o autor da letra do himno do Santo Cristo do Consuelo. En setembro do ano 1949, foi nomeado fillo predilecto da Vila de Cangas e déuselle o seu nome a rúa onde naceu.



Monumento a José Félix Soage, Cangas (1924).

— Asorey en Cambados

- **Monumento a Cabanillas**

A localidade que viu nacer a Asorey tampouco podía permanecer allea ao legado do escultor. Nas súas rúas pódese ver o monumento levantado en memoria doutro veciño ilustre da localidade e ao que ao estivo unido por unha relación de amizade e por diversos paralelismos nas súas traxectorias: Ramón Cabanillas. O denominado "poeta da raza" foi homenaxeado polo "escultor da raza" cunha peza composta por un gran bloque de pedra sobre un pedestal no que se pode ver un busto do escritor. A obra foi deseñada por Asorey, entre 1958 e 1959, está realizada con pedra de cons do Monte da Pastora e do bosque de piñeiros de Tragove, espazos de inspiración do poeta. Leva o escudo de Cambados, e ten gravada na parte dianteira a dedicatoria a Cambados que aparece nos libros *Vento Mareiro* e *Da*



Monumento a Cabanillas, 1958-59, inaugurado en 1960, Paseo da Calzada, Cambados

Terra asoballada, "A ti meu Cambados..." e na parte posterior a listaxe dos seus libros. Foi executada por Antonio Pérez, mentres que a efíxie de bronce é atribuída a Asorey, para quen pousaría o fillo do escritor xa que este se atopaba moi enfermo. O rostro do poeta está de perfil e a superficie do material non está lisa e púida senón que lembra o xeito de traballo da pedra. Tras da efíxie do poeta, á esquerda déixase ver o perfil doutra figura que semella ter, unha coroa de loureiro.

— Asorey en Catoira

• Lápida de D. Jose María Piay

Bronce e pedra de gran pulida de cor rosada e mármore. Inscrición: "A D. José María Piay, Catoira, cuerpo médico y amigos en sus bodas de oro con la profesión 1884-13-VI-1934". Sinxela placa co retrato de perfil en bronce do homenaxeado e sinxelos motivos decorativos tamén en bronce nos laterais. *El Pueblo Gallego*, 19-5-1934 dá conta da inauguración para xullo de 1934.



Lápida de D. Jose María Piay, 1934, fachada do Concello de Catoira.

— Asorey na Toxa

• Busto do Marqués de Riestra,

Bronce sobre pedra de gran, letras en bronce (faltan algunhas). O busto é un retrato do empresario e político pontevedrés, José Riestra, dono do antigo Balneario da Toxa



Busto do Marqués de Riestra, 1948, Illa da Toxa.

— Asorey en Ponteareas

• Lápida ou placa conmemorativa de José Ramón Bugallal

Bronce, está asinado e datado, leva a seguinte inscrición: "A José Ramón Bugallal 1818-1891". Aparece a placa da empresa fundidora: "La Metaloplástica, Madrid, Campins y Codina fundidores". A placa está situada na actualidade no Centro artístico e esportivo de Ponteareas, no centro da vila

• Lápida conmemorativa de Isidoro Bugallal

Bronce, leva a inscrición "A Isidoro Bugallal, MDCCCLIV-MCMXIV" é dicir as datas de nacemento e morte: 1874-1914. Está datada e asinada. Aparece a placa da empresa fundidora: La Metaloplástica de Madrid, igual que na anterior. Está situada, á intemperie na fachada do antigo Colexio Público de Ponteareas, no centro da vila, hoxe dedicado a Conservatorio Municipal.



Lápida ou placa conmemorativa de José Ramón Bugallal, 1916, Ponteareas.



Lápida conmemorativa de Isidoro Bugallal, 1916, Ponteareas.

— Asorey na Guarda

- **Relevo de Manuel Lomba Peña**

Medallón en bronce sobre pedra de gran. O monumento-obelisco ten unha placa en bronce coa inscrición: *"Los guardeses en Buenos Aires a la memoria del primer presidente fundador de la Sociedad pro-monte, Don Manuel Lomba Peña, fallecido El 20 de mayo de 1933, Buenos Aires, junio, 9 de 1935"*. Polos datos da placa deducimos a data da obra.



Relevo de Manuel Lomba Peña no obelisco do Monte Santa Tegra, ca 1935, A Guarda

— Asorey en Covelo

- **Sagrada Familia**

Madeira policromada usando estuco. Foi encarga de José Manuel Cruces Álvarez. Segundo testemuña do párroco da igrexa, foi restaurada fai uns 25 anos e seguramente repintada. O xornal *Galicia* 20-10-1923 fala de que estivo en Santiago para facerse cargo dun grupo escultórico da Sagrada Familia, José Manuel Cruces Álvarez.

A escultura segue os procedementos técnicos tradicionais da imaxinería e o esquema iconográfico de autores como Gregorio Fernández ou Salzillo coa diferenza de que aquí as figuras aparecen máis agrupadas o que redonda nunha maior tenrura nos xestos entre fillo, pai e nai. O neno aséntase sobre a perna adiantada de S. Xosé, esquema que Asorey repetirá en obras posteriores como a Virxe de Guadalupe de Rianxo. O neno aparece simbolicamente situado sobre unha media esfera.



Sagrada Familia, 1923, Igrexa de S. Salvador de Maceira, Covelo, Pontevedra

— Asorey en Lugo

• Monumento ao alcalde López Pérez

Alcalde de Lugo durante catro períodos diferentes entre os anos 1905 e 1931, ademais de avogado e presidente do Círculo das Artes, Ángel López Pérez deixou unha pegada indeleble na cidade da Muralla ata o punto de ser designado de forma honorífica "alcalde perpetuo". De novo, Asorey foi o escultor elixido para converter en arte unha homenaxe para a posteridade, que aínda se pode contemplar no parque Rosalía de Castro. A escultura, que inclúe unha fonte e un estanque, foi inaugurada en 1958, pero os plans para render unha homenaxe veciñal a Ángel López Pérez remontábanse a comezos dos anos 30.



Monumento ao alcalde López Pérez, Lugo (1958).

• Virxe dos ollos grandes

En xullo de 1930 inaugúrase en Lugo o Gran Hospital de Sta María, sendo alcalde de Lugo Ánxel López Pérez. A Asorey encárganlle para a fachada deste hospital unha imaxe en pedra da *Virxe dos Ollos Grandes*, patroa da cidade.

A imaxe é unha versión da Virxe dos Ollos Grandes que se venera na Catedral de Lugo, obra que pertence á época gótica, e que posúe unha intensa mirada que lle dá nome á imaxe. Tamén é de pedra pero foi policromada posteriormente adaptándoa ao contorno barroco da capela. As dúas son versións da Virxe do Leite, a Virxe que dá de mamar ao fillo. Segue o modelo de Virxe como intercesora.

A Virxe de Asorey leva roupas tradicionais, leva zocas e un corpiño aprésalle o peito. Nai e fillo levan coroa e na da Virxe pódese ver a torre da muralla que aparece no escudo da cidade de Lugo. Asorey apártase do modelo da catedral de Lugo e fai unas imaxes (nai e fillo) máis vivas, máis reais, que se relacionan entre elas e están cheas de redondeces, como moitas mulleres e nenos galegos.



Virxe dos ollos grandes, 1930, Lugo.

— Asorey en Samos

• Busto de Fray Rosendo Salvado

Segundo testemuña do Prior de Samos a obra foi encargada a Asorey que morreu sen rematala e así a trouxeron os frades, de feito é posible ver as marcas de puntos na escultura. Lembra enormemente ao Moisés de Miguel Anxo.



Busto de Fray Rosendo Salvado, 1961 (inacabada). Mosteiro de Samos, Lugo

• Monumento ao Padre Feijoo

Este monumento foi feito por iniciativa do abade Mauro Gómez Pereira. A encarga fixérase anos antes pero a obra está asinada e datada en 1945) aínda que a inauguración oficial ten lugar o 24 de agosto de 1947.

Ramón Cabanillas visitaba con frecuencia o mosteiro onde escribiu o libro *Samos* (1958). Nese libro non faltan uns versos dedicados ao monumento de Asorey.

... mentras no pedestal, inmobre, erguido,
surrí bondoso e escoita, compracido
noso Padre Feixoo, o mestre aceso
pola verdade, alleo ó prexuicio
que aquí xogou novicio
e visteu a cogulla de profeso;
o gran galego de visión certa
e pruma sabia, crítica e recoita
que aquí atopou repouso na canseira
do longo ensino e da esforzada loita.



Monumento ao Padre Feijoo,
Samos (1947).

Para a realización do monumento Asorey segue de novo un rigoroso proceso de investigación. Recompilou toda a bibliografía que se conservaba sobre a súa vida e obra e estudou a máscara mortuoria en cera que se conserva, buscando facer un retrato fiel. A obra faise grazas á subscrición pública que reúne 60.000 pts.

Asorey deseña o monumento para estar situado enriba dunha fonte (hoxe sen uso) que ocupa o centro do claustro do Mosteiro sobre un esquema cruciforme. O monumento ten sobre oito m. de alto e algo máis de 3 m a estatua do Padre Feijoo. A cruz que debuxa a base segue a orientación da Igrexa. De xeito que o ilustre beneditino mira cara ao oeste. Tamén os brazos desta cruz miden sobre 8 metros (eixo leste-oeste), o eixo N-S é un pouco máis curto. É dicir, a cruz que debuxa a base non ten os brazos iguais, o brazo lonxitudinal é un pouco máis longo que o transversal, como a cruz da abadía. Asorey móvese arredor das mesmas dimensións tanto para anchura como altura do monumento. O pedestal é obra de Miguel Durán. A figura do beneditino está situada nunha posición intermedia entre sentada e de pé, apóiase nunha cadeira de coro. Tampouco ten unha posición estática porque avanza unha perna e sorrí lixeiramente, Asorey xoga co ambiguo. Viste hábito negro de monxe beneditino, razón pola cal o noso escultor escolle unha pedra máis escura para este hábito con cugula. Cabeza, mans e símbolos (libro e facho) son de pedra de gran sepia e a cadeira coral, en contraste, de granito branco.

Na vista posterior do monumento tras a cadeira do frade aparecen representadas dúas figuras alegóricas de dous monxes e unha cruz (a cruz do Mosteiro) que aluden ao lema da orde beneditina "Ora et labora", que aparece tamén na parte baixa. Un dos monxes leva un libro e o outro un sacho.

Diversas placas con inscricións aparecen polo monumento así como o escudo da Abadía. A simboloxía de libro e facho foi moi utilizada ao longo da historia da arte. Na Iconoloxía de Ripa³⁰² atópase unha ilustración para o atributo da sabedoría (sapienza) que leva estes mesmos símbolos. A escultura está situada en liña co cruceiro da igrexa, cuxa planta cruciforme repite; o monumento está perfectamente integrado na contorna na que se atopa.

— Asorey en Vigo⁶

- **Panteón das irmás Gil Sarabia (A mirte axexa tras a doncela)**

No ano 1920 é instalado o monumento funerario ás irmás Gil Sarabia, situado preto da entrada do cemiterio de Pereiró. O conxunto é obra do escultor cambadés Francisco Asorey (1889-1961), figura capital na renovación da escultura galega e española. Trátase dunha das obras máis aclamadas do artista, ademais doutras como a talla en madeira O Tesouro (1924), que obterá a segunda medalla da segunda categoría na Exposición Nacional de Madrid.

Este monumento funerario dedicárase nun inicio á filla do pioneiro do cinema galego José Gil Gil, Marujita Gil Sarabia, que falecerá en 1918, aos dezanove anos, a causa da tuberculose. Tralo pasamento posterior das súas irmás Rosita e Pepita pola mesma enfermidade, o monumento pasará a dedicarse ás tres rapazas. Para isto, engadírase en 1932 a placa cun texto e a efíxie de ambas, obra do escultor Camilo Nogueira.

A base do monumento realízase en granito, mentres que a figura da muller e o rostro e extremidades do esqueleto se realizan en mármore. A gadaña está feita en bronce. O monumento, especialmente a figura feminina, denota unha clara influencia do simbolismo e do movemento prerrafaelita na súa representación dunha muller delicada, de longo cabelo e vestido vaporoso, que se confronta coa crueza da morte, representada mediante o esqueleto que a axexa e envolve coa gadaña. As flores e a medalla coa imaxe da Inmaculada Concepción que leva reafirman a súa xuventude e inocencia truncadas pola morte, combinando ademais así as influencias inglesas co imaxinario católico. A forma do colo da rapaza deséñase ampla e cóncava para permitir aloxar alí flores frescas.

- **Monumento funerario de Ricardo Mella**

No Xardín da Memoria do cemiterio de Pereiró atopamos o monumento funerario a Ricardo Mella Cea (1861-1925). Este espazo atópase separado do recinto de Pereiró por ter sido proxectado como cemiterio civil para aqueles con confesións distintas á cristiá. Topógrafo de profesión, Mella é coñecido en Vigo por ter sido director da Compañía de Tranvías Eléctricos de Vigo. Non menos importante é a súa implicación coas publicacións de contido político, considerándose un dos pensadores libertarios españois máis destacados de finais do século XIX e principios do XX, destacando en vida polo seu carácter inqueda e revolucionario.



Panteón ás irmás Gil Sarabia, 1920, Vigo.



Monumento funerario a Ricardo Mella, 1926, Vigo.

⁶ hoxe.vigo.org

En 1926 inaugúrase o seu mausoleo en Pereiró, financiado a través dunha subscripción pública a iniciativa da sociedade de Tranvías Eléctricos de Vigo. O monumento é un deseño de Manuel Gómez Román, autor tamén do desaparecido busto orixinal. O traballo en cantería será realizado por Eugenio Alonso Villar. Pronto, o busto será substituído polo do afamado escultor cambadés Francisco Asorey que se conserva na actualidade. Na base en granito, de estilo ecléctico, se distinguen dous corpos: un inferior, cuadrangular e máis amplo, no que destaca o frontón triangular, e un superior en vertical que funciona a xeito de peana. Se completa con dous elementos de menor tamaño no lateral, que se adornan con relevos con motivos vexetais. Neste corpo intermedio podemos ler, gravado, o nome da esposa de Mella, 'ESPERANZA SERRANO/ 1886/1944', que estaría enterrada canda el. Na parte superior se coloca o busto do homenaxeado, un retrato en bronce de corte naturalista no que a atención se coloca no rostro de Mella, destacando trazos como o seu bigote.

- **Monumento a García Barbón**

Na glorieta situada no cruce entre a rúa Isaac Peral e a avenida García Barbón atopamos o Monumento a José García Barbón (Verín, 1831-Vigo, 1909), empresario e filántropo de orixe verinés. Sendo novo emigra a Cuba e funda o seu propio banco, establecendo contacto aí con Policarpo Sanz, con quen fundaría a Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia e o Centro Gallego de La Habana, hoxe o Gran Teatro. Regresa a Galicia e instálase na finca de Vista Alegre, nos arredores do coñecido como nudo da rúa Isaac Peral. Neste período realizará diversas doazóns e obras benéficas, como a construción da Escola Municipal de Artes e Oficios, converténdose así nun persoeiro ben considerado pola sociedade viguesa.

O seu monumento conmemorativo, de grandes dimensións, inaugúrase no ano 1927 e foi realizado polo escultor galego Francisco Asorey González, quen firma como 'FCO ASOREY' na peana. O corpo principal da obra, realizado en granito, consta de dúas pezas. A inferior, cuadrangular e de factura esquemática, xera un espazo que acolle a figura en bronce do retratado. A peza superior, vertical, inclúe un altorrelevo que representa a un mozo semiespido en representación da mocidade para quen García Barbón fundou a Escola Municipal de Artes e Oficios. Neste corpo principal intégrase a figura en bronce de García Barbón, un home que aparece retratado sentado, en posición de tres cuartos, coas pernas lixeiramente cubertas por unha manta. A composición acada complexidade e dinamismo grazas ao contraste entre a figura superior, que ollá cara García Barbón con actitude firme en sinal de admiración, mentres que o homenaxeado é retratado nunha posición relaxada e serena.

Na parte frontal do pedestal podemos ler a inscrición 'A/ GARCÍA BARBÓN/ VIGO', mentres que na parte superior dos laterais inscríbense as palabras 'ARTE/ INDUSTRIA'. A fundición da obra foi realizada, segundo a inscrición, por 'CODINA HOS/ FUNDIDORES MADRID'.



Monumento a José García Barbón, 1927, Vigo.

- **Monumento a Eduardo Cabello**

Obra do escultor Francisco Asorey González, o Monumento a Eduardo Cabello Ebrentz (Philadelphia, EEUU, 1865-Vigo, 1957) pode admirarse na alameda que leva o seu nome, en Bouzas. A súa situación preto do porto e fronte ao Instituto de Investigacións Mariñas non é casual: Eduardo Cabello é coñecido pola súa exhaustiva labor de modernización do porto de Vigo. Por este traballo foi nomeado fillo adoptivo da cidade en 1930, así como galardoado con diversas condecoracións, como a do Mérito Civil e a Cruz do Mérito Naval.

Nado en Philadelphia de pai español e nai estadounidense, Cabello gradúase en Madrid coma enxeñeiro de camiños, canles e portos, chegando a ser xefe de Obras Públicas en La Habana. En 1898 regresa a España, e en 1909 é nomeado enxeñeiro director da Xunta de Obras do Porto de Vigo.

A columna na súa honra inaugurase en vida do enxeñeiro, en 1928, así coma a rúa e a alameda que levan o seu nome, en recoñecemento á súa dedicación en favor do porto de Vigo. O monumento, unha columna de granito de catro metros realizada por Francisco Asorey, consta dun mediorrelevo que representa a un tritón -ser mitolóxico con corpo de home e cola de peixe-, o cal sostén no seu ombreiro esquerdo unha áncora que suxeita coa man. Este ser atópase preso por unha cadea, e sostén coa súa man dereita a forma rectangular coa que culmina a columna, na que pode lerse 'AVENIDA/ EDUARDO CABELLO'. A actitude submisa da personaxe transmite a dedicación e sacrificio de Cabello con respecto ao proceso transformador do porto.



Monumento a Eduardo Cabello, 1928, Vigo.

- **Monumento funerario do médico Cesáreo Corbal**

No interior do cemiterio de Pereiró atopamos o Monumento funerario ao doutor Cesáreo Corbal Lema (1885-1952). Este foi un afamado doutor especialmente apreciado no barrio de Teis, por entón pertencente ao concello de Lavadores, sendo alcumado 'o médico dos pobres' debido á súa comprensión e xenerosidade cos sectores máis humildes. Xa en vida, no ano 1926, dedicaránselle dúas placas: unha delas, obra de Francisco Asorey, consérvase no inicio da rúa Cesáreo Corbal de Teis, situándose a outra na rúa Policarpo Sanz.

O seu monumento funerario xurde como iniciativa da academia Médico-Quirúrxica de Vigo trala morte do doutor en 1952, e será apoiada polo concello, que doará os terreos correspondentes en Pereiró. Gran parte dos fondos conseguíranse mediante subscripción pública. O deseño será realizado polo arquitecto Manuel Gómez Román, distinguíndose nel dous



Monumento a Cesáreo Corbal, 1955, Vigo.

elementos. O principal é a fachada de corte clasicista, cunha base na que se insiren as palabras 'CIENCIA' e 'VIRTUD' nos laterais. Sobre esta destacan dúas sobrias columnas que soportan o entaboamento, coroado por un frontón partido no medio do cal se insire unha cruz. Baixo esta, engádese o nome do homenaxeado, 'CESAREO CORBAL', abríndose debaixo un nicho con venera. O segundo corpo, acaroado diante da fachada e nun granito mais escuro. Componse dunha alta base en varios niveis no que se engade 'R.I.P.', a peana, e o busto do doutor, que se fai encaixar diante do nicho. Este busto en pedra, obra do afamado escultor cambadés Francisco Asorey, representa a Corbal ata o peito con gran detalle e expresión orgullosa. O peito do retratado alóngase como corrección óptica, presumiblemente pola consciencia do escultor da elevada altura á que este se ía situar.



Busto de José Calvo Sotelo, 1938, Vilagarcía de Arousa.

— Asorey en Ourense

• Busto de José Calvo Sotelo

Bronce sobre pedra de gran gris escura, asinada no lateral dereito. Fíxose unha réplica da cabeza en bronce, conservada no Museo de Pontevedra. Atópase nos xardíns do Dr. Fleming en Vilagarcía de Arousa. A figura leva no peito o escudo de España. Letras en bronce coa inscrición: "José Calvo Sotelo, ¡Presente!". — Asorey en Ourense.

• Monumento aos caídos / O Anxo caído

Este monumento constitúe a entrada principal do Parque de San Lázaro, situado xusto enfronte do edificio do Goberno Civil (hoxe Subdelegación do Goberno). A estatua foi esculpida en pedra por Francisco Asorey en 1951 e está flanqueada a ambos os dous lados por unha escalinata. É un enorme pedestal graduado de granito sobre o que se sitúan dúas imaxes: Pola cara externa (que dá á rúa) o anxo caído, e detrás desta, pola cara do interior do parque, un anxo alado cunha coroa de loureiro nas súas mans.



Monumento aos caídos, Parque de S. Lázaro, Ourense, 1951.

— Asorey en Celanova

• Monumento a Curros Enríquez

Busto en bronce sobre pedestal en pedra de gran. Letras en bronce coa inscrición "Curros". Leva unha placa que indica que o busto foi fundido na factoría Malingre de Ourense. Asorey volve a representar ao poeta de xeito arrogante, neste caso xirando completamente o rostro cara un lado, pero cun resultado de menor calidade.



Monumento a Curros Enríquez, 1952, Celanova

— Asorey en Cortegada de Miño

- **Lápida en honra de D. Guillermo Álvarez Pérez**

Pedra de gran e bronze. Inscrición: *"Homenaje de gratitud a la memoria del ilustre hijo de Cortegada Excmo. SR. Guillermo Álvarez Pérez, benefactor de este municipio, MCMXXXV"*.

Placa moi sinxela. Retrato en bronze no centro, e nos laterais motivos decorativos a base de follas de carballo simulando grilandas. Acanaladuras na pedra nos laterais a modo de estrías de pilastras dóricas.



— Asorey no Barco de Valdeorras

- **Busto de Pedro Barrié de la Maza**

Pedra de gran, coroa e letras en bronze coa inscrición: *"EXMO. Sr. D. Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1956"*. Está situada á entrada da fábrica da empresa CEDIE do Barco. Consérvase bosquexo en escaiola no Museo do Pobo (depósito da familia) . Otero fai referencia a que o Banco Pastor fixo réplica en bronze.

Lápida en honra de D. Guillermo Álvarez Pérez, 1935, fachada do Concello de Cortegada de Miño, Ourense



Busto de Pedro Barrié de la Maza, 1956, Barco de Valdeorras.